

Alfons Llorenç

As voces dun pobo. Mundo e Misterio da festa de Elx.

(Cada 14 e 15 de agosto hai un pobo que recupera a voz antiga da terra. A cidade de Elx vive, cada agosto, a emoción do reencontro coas palabras perdurábeis contidas en sagrados cantos. A dramatización, en dous actos e dúas xornadas, da morte -"A Véspera", o día 14- e a ascensión e coroación da Virxe -"A Festa", o día 15 - exalta unha lingua proscrita, renova unha páxina literaria, saca aos poucos dende alxibes remotísimos os fundamentos do noso imaxinario colectivo, volve actualizar unha cultura nacional e afirma a personalidade dun pobo europeo.

A Festa de Elx é a única peza do teatro relixioso posta en escena, dende o século XV, no interior dun templo, sen interrupcións. Unha cerimonia viva, reiterada e tradicional, un texto vivo. Unha marca ben clara das orixes de todo un pobo. Un expoñente vivo da literatura universal, que, ademais, recolle os máis vellos mitos e rituais do Mediterráneo, unha manifestación plena e solemne dunha lingua -dende Salzes até Guardamar- e unha cultura durante moitos anos marxinadas, porén recoñecidas cada agosto, grazas ao Misterio de Elx, como patrimonio da Humanidade.

Cada 14 e cada 15 de agosto de cada ano un pobo recupera a palabra e mais o seu canto)

No principio, no principio de todo, foi a trama da Terra, o tecido da natureza e a man do Sol, a Lúa e as forzas fondas e cegas, en estado desbordante, cósmico, deseñando contornos de noites e marcando liñas de días, o inverno e a súa primavera, pintando o verán e a súa primavera, tecendo e destecendo vida e o vivir das vidas.

Ben no principio, foi o son e a palabra e o enmadeixar e o debandar dos nomes das cousas e os significados dos verbos. E, a persoa foi a palabra. E, a palabra converteuse en carne e habitou entre os mortais. E, axiña, os deuses cabalgaron néboas de acentos, fonemas e voces.

No inicio, a música foi paseo, rudimentario aínda que marabilloso, por un mundo de acordes e sons, rexido pola exactitude do número e a vitalidade da paixón, vencellado á vida humana e aos eternos gozos divinos. Notas, escalas e pentagramas foron pontes transitadísimas entre os lindes humanos e os extrarradios olímpicos.

E, a música converteuse en canto e a palabra en aclamación, e habitaron entre nós. E, os deuses viron que era bo e desexaron ter butaca e balcón preto de alí onde cantaban e declamaban, miradoiro arrimado a todo proscenio dunha certa categoría. E coidaron que era tan bo, tan excelente, que decidiron mesturar as súas etéreas mitoloxías coas biografías terrealis e abandonar en días fastos e sinalados os leceres perpetuos dos panteóns para aparecer e desaparecer, voando, por riba de máquinas de roldanas e poleas, cordas e maromas, e divinizaban o humano e humanizaban o divino.

E, o teatro foi sagrado e o sagrado foi teatro. E viron que era bo e que era de todos, ninguén o podía evitar. E escolleron Eleusis para, sen excluír ninguén, iniciarse nos símbolos fundamentais dos sentimentos permanentes do espírito humano segundo medida humana, sen necesidade de transportalos máis alá da física. Ben ao contrario, irradiábanse misterios de piedade sentimental, espontánea, intuitiva; representacións sagradas en lembranza da nai Deméter, filla de Cronos, o deus do tempo, e de Xea, a deusa da Terra e santa avogada da terra cultivada e do trigo, e do rapto da súa benquerida filla Perséfone, buscada por una desesperada nai que desexaba tela ao seu carón; deste xeito sinalábase a morte que xera resurrección, o verán que xera o inverno. Deméter era celebrada no agosto das colleitas, baixo o signo de Virgo.

Contaban os gregos que Hades, o deus dos infernos e mais dos mortos, fillo tamén de Cronos e de Rea, deusa do poder creador da natureza, secuestrou, namorado, a súa sobriña Perséfone, a filla de Deméter, mentres recollía flores e comía granada. Conviviu con ela nos seus reinos subterráneos durante unha época do ano, que coincidía co inverno. Mentres a

moza estaba baixo terra, dende o outono, a natureza morría. Porén, todo reverdecía e florecía cada primavera, cando a rapaza Perséfone deixaba o seu sepulcro. O gran misterio da morte, da esterilidade e do retorno da vida e a fertilidade e é tamén o gran milagre: aquel que fai que a semente, pechada na súa casca e nicho, baixo terra, preto dos eidos de Hades, con aparente ausencia de vida, ao pasaren os fríos, acompañada, coma Deméter, polo Sol, xermine, agrome e erga espigas cheas de grans e de vida. Cada ano.

E, cada ano, os días 14 e 15 de agosto, baixo o signo de Virgo, cando a natureza, na apoteose do verán, se achega á súa "dormición" invernal cando a terra nai comeza a descansar, despois do parto das colleitas, unha virxe adormece e baixa aos infernos e morre para que vivan vidas, linguas, culturas e países, para que un pobo colla folgos. É cando as deusas nai eran ostentadas en tálamos na Grecia clásica; era o rito do lectisterni, cando a terra nai, vai cara ao seu adormecemento. Os leitos que pugnaban por prestar as familias e que era sinal de bo agoiro o feito de morrer ou nacer neles, asolagados de bos efluvios. Na Roma do século III a.d.C. tamén se rendía culto ás magnas nais, coma Cibele, colocando as súas veneradas imaxes sobre sagrados catres; eran as lectisternia. Era o tempo de bendicir herbas e plantas medicinais e olorosas, que ían protexer campos, casas, animais e persoas ao longo da esmorecida e perigosa invernada.

HERBAS DO AMOR

E, precisamente, nos idus de agosto, contra o día 13, en Éfeso, onde posuía o seu santuario principal, celebrábase, con procesións e enramadas, o día da multimammia Artemisa, a Diana romana, deusa da Lúa (unha lúa de prataponse na cama, aos pés da Virxe de agosto), protectora das femias, os partos, as fragas, virxe, fermosa e primaveral. As mulleres trezaban grilandas con herbas aromáticas e medicinais (en Morella aínda enraman a súa Basílica con lavanda, romeu e salvia; en moitas vilas valencianas, como en Elx, Bétera, Alfara del Patriarca, as ramas de asubiote cinguen a Virxe María morta).

Un rito máis antigo cá festividade da "Dormición", foi o desfile asuncionista documentado na Xerusalén do século IV. A Roma do século VII deulle forma á longa procesión do cadro exeporita (non pintado por man humana) do Salvador, rodeado por doce concelleiros e doce clérigos, que percorría as rúas de Roma dende o serán do día 14 até o amencer do día 15. Existía a crenza que ao seu paso as herbas medicinais ficaban bendicidas e aptas para afastar perigos e enfermidades. Era un xeito de cristianizar unha festa pagá anterior para agradecer as colleitas. Son as plantas e as herbas que cinguen os leitos valencianos da Virxe María asunción de agosto. Un eco daqueles cultos atopámolo na mesma palma que leva San Xoán ao longo do Misterio, utilizada polo pobo, posteriormente, como menciña de tempestades e de todo mal de corpo e alma.

A Igrexa cristiá primitiva dubidou, e situou en diferentes datas a memoria do "tránsito", "durmida", "pausa" ou "repouso" de María de Natzaré, antes que o mariano Concilio de Éfeso (431) deificase a nai de Xesús. E, curiosamente, foi esta cidade a que escolleu o 15 de agosto como festa da "theotokos" (Virxe, nai de Deus) e que a espallou polo Mediterráneo. Algunha lenda valenciana sitúa xustamente nesta cidade do próximo Oriente o lugar onde lle veu o sono, acordou e subiu ao ceo a Nazarena (a Lúa morre, resucita e érguese cada día: "deixou o mundo sen sol;/ e Vostede, como Lúa e nai/ desta ausencia é consolo", cántanlle á Marededéu del Puig (Nosa Señora do Outeiro)), aos 72 anos –por iso, o 15 de agosto en Planes rezábanlle 72 salves-, porén fresca coma unha rosa, conservándose nova, tenra e fermosa: "Planta nova en terra vella/ rosa fresca en árbore seca", segundo os gozos de Albuixec.

A asubiote, herba santa, cingue os leitos da Virxe de agosto. É a versión lunar, feminina do solar "Monumento" –do latín monumentum, sepultura- da Semana Santa, adornado de sagrados vexetais: palmas e ramas de oliveira e loureiro, que tamén curaban feridas, afastaban tempestades e facilitaban os partos. A asubiote chegounos, sagrada e real (ocinum basilicum, do grego, ozein, oloar e basileus, rei), foi divina en Exipto, funeraria en Grecia, e erótica por coincidir o seu medrar co do Sol, é dicir, coa presenza fertilizante de Perséfone. De feito, aconséllaselles ás mulleres, das que era boa amiga, plantala unha vez pasen os fríos máis duros, o día da leiteira e nutricia santa Ágata: "A santa Ágata,/ plantáselle asubiote ;/ a moza garrida/ tenlla medrada; e a fermosa,/ trasplantada". Os seus brotes eran agoiro de amor e facilitaban o encontro de amantes engaiolantes e tenros, a herba de namorar, que as "doncelas

namoradas/ dun noivo vindeiro/ desenguedellana/ para teren máis recendo".

Ben sintomático é o costume, aínda vivo, de ornar os "Monumentos" do Xoves Santo e da Virxe de agosto de (maios, trigueiros ou gromos), que conxuraban males e atraían a boa ventura, unhas plantacións de gramíneas, regadas a miúdo e afastadas da luz, nas adegas; ao xerminaren, producen uns brotes longos e brancos. As mulleres gregas e romanas sementaban os mesmos grans en ánforas para engalanar os simulacros –"monumenti"- da tumba do deus Adonis, que morría novo e resucitaba para pasar a metade do ano con cada una das súas queridas Afroditas – deusa que enche a terra de flores na primavera- e Perséfone –a doce brasa do desolado inverno-, deus do despertar da vexetación; "xardíns de Adonis" era o nome que lles daban a aquelas macetas greladas.

O trigo é o que define o calendario agrícola, natural e festeiro dos pobos do Mediterráneo. O trigo que nos legou a nai Deméter. A súa colleita, fonte de ledicia e de vida, que se celebraba con cultos ás deusas protectoras e iniciáticos "Misterios" en Eleusis. A súa era anual pechábase cada 15 de agosto, e, por iso, aquel día foi, até hai moi pouco, para as nacións da ribeira do mar das civilizacións como a súa festa do traballo, a xornada na que se deixaban sen efecto os contratos, na que os arrendatarios –e arrendadores- podían invalidalos e tamén cando cumpría pagar o préstamo e adquirir ferramentas, sementes e animais para o próximo período cerealístico. Este é o papel da feira de Xàtiva.

A FESTA DA EUROPA MEDITERRÁNEA

O mesmo 15 de agosto foi e aínda é unha festa cívica de primeira magnitude. A Virxe de agosto é unha marca clara da nosa nación e da súa configuración, da orixe dos valencianos e dos mallorquinos. O rei Jaume I, conquistador, fundador de dous reinos independentes e mais o seu repoboador e colonizador, mandaba bendicir as mesquitas mahometanas coma igrexas cristiás dedicadas a "Sancta Maria", porque a igrexa medieval conmemoraba a festa mariana por excelencia o día do seu pasamento, o seu nacemento no ceo. O século XIII levou a Europa unha floración "dormicionista" notoria. A "Dormición" mariana foi un emblema de cambios, dunha mentalidade nova, que eclipsaban o mundo feudal, os seus castelos e mosteiros para configurar as cidades, a burguesía, os conventos mendicantes, as catedrais e unhas formas máis democráticas de goberno, ao volver descubrir o dereito romano máis igualitario. E, ao noso rei gustáballe profundar en raíces e sincronizar con contemporaneidades. Amante de amar damas, coa Dama celestial, con "nostra dona Sancta Maria", xeraba os reinos de Mallorca e Valencia, sinalando o seu comezo, de ingreso na Historia e na Europa que, co tempo axudariamos a deseñar e construír coma pobo entre os pobos. Jaume I escribe iso na "Crònica dels Fets" (dos Acontecementos): "En todas as vilas grandes que coa axuda de Deus conquistamos aos sarracenos, edificáramos a igrexa de Sancta Maria".

Coido que non é preciso lembrar que naquel tempo, a relixión era a civilización e o termo cristiandade era sinónimo de Humanidade. Por iso, estas aras consagradas á Virxe, reflicten a presenza en terras que foron do Xarq-al-Andalus dun novo sistema cultural, chegado do Norte, seguindo os camiños do Nordés, dunha nova lingua –a do Misterio de Elx-, dunha nova xente – os pais dos valencianos actuais- e dunha nova concepción do mundo, tan antiga coma as máis antigas do Mediterráneo mar.

A Festa de Elx atopa o seu xerme nesta innovación, na fundamentación do pobo valenciano e mais na lingua que, segundo o cronista Ramon Muntaner chegou ao Elx do século XIII, "e parlen el més bell catalanesc del món" ("e falan o máis belo catalán do mundo"). Neste definitivo acontecemento histórico-cultural, nos sincretismos de mitos e ritos elaborados século tras século e no propio dramatismo da liturxia cristiá, que xa inspirara rudimentos teatrais coma as "Epístoles Farcides" ou el "Cant de la Sibila", compartido por València, Mallorca, l'Alguer, Elna ou Urgell, ou nos misterios do Corpus ou nos dramas asuncionistas de Santa Maria de l'Estany, la Selva e València, atopa as súas fontes a Festa d'Elx. A argola e a chave foi a "Lenda Aurea" un conxunto de vidas de santos, trufadas de mitoloxía clásica e de evanxeos apócrifos, escrito cara ao ano 1260 polo arcebispo de Génova Jaume de Varazze e traducida pouco despois ao catalán no escritorio do mosteiro de Sant Miquel de Cuixà, aos pés do mítico e máxico Canigó. Eiximenis, Vicent Ferrer, Isabel de Villena, os poetas das "Obres e Trobes" atoparían temas e inspiración e mesmo o cabaleiro "Tirant" quixo facer o pasamento á vida eterna coma as Virxes asuntos.

En Elx existía a crenza que a Festa ía unida á conquista da cidade por Jaume I. Os cronistas insisten niso. Un testemuño do ano 1623 explica que a homilía dese día "non trata só da festividade presente, senón da fundación, antigüidades e nobreza da Vila de Elx". É coma o Sermón da Conquista coa que València, cada 9 de outubro, lembraba as orixes e cantaba as excelencias da cabeza, a casa e mais o Reino. E, curiosamente, o 9 de outubro, a data fundacional na cidade de València preparábase con disparos de foguetes, bombas de palenque e tronos disparados dende as murallas e as casas; cando os xurados medievais de València querían solemnizar un día mandaban "sien fetes consemblants festes amb coets e focs e llums, segons en les festes de sant Donís és acostumat a fer" celebrar esas festas con foguetes e lume e luces, segundo era costume para as festas de san Denís.

Do mesmo xeito, en Elx, "a noite vólvese día", na expresión dos cronistas cando explican a Noite da Alborada, do 13 de agosto. No século XVII xa era parecida á que agora vemos, gardando as distancias polas dimensións da cidade. Así nola explican os documentos de 1625 "Dende cinco ou seis torres dispáranse moitas ducias de ducias de foguetes e de artillería de tal xeito que a noite vólvese día por cousa de ter tanta diversidade de lumes nas torres e nas murallas e luces en todas as igrexas e polas fiestras e terrados da citada vila e alfozes daquela". Aínda agora, cada 13 de agosto a cidade do Misterio enche o ceo de luces e tronos, racha o veo da escuridade, rouba a luz do día. Luces e balbordo preparan a cidade de Elx para escoitar o vello aturuxo harmonioso da súa Festa. Durante unha longa hora, cara a media noite, Elx enche o ceo de luminarias. Unhas trescentas corenta palmeiras de lume de artificio, millóns de foguetes. Calquera punto serve para disparar, para tomar parte no ritual colectivo de conxurar as tebras, roubando a luz do mediodía. Elx enlázase coa orxía estival da pólvora; un acontecemento de unidade e de solidariedade. Sobre as palmeiras, palmeiral de lume cabalga no lombo do calado azul da noite. A noite faise día.

Conxuran as tebras, purifican e exorcizan a cidade para cantar o Misterio.

A paixón valenciana pola pólvora, tan antiga coma o noso pobo, a vella necesidade ritual de facer balbordo e luces ao comezo da festa para escorrentar os malos espíritos que a poderían perturbar e tamén, ante o outono e o inverno, un desexo subconsciente de alimentar o Sol, cando devala o seu poder, conscientes de que esa luz é a fonte de vida. O amor de Prometeo polos humanos levoulle a agasallalos co lume sagrado, roubado aos deuses e xa que logo condenado eternamente; a nosa estima polo Sol talvez nos provoca querer facer máis longo o seu reinado, tal vez nos invita a devolverlle ao astro rei enerxía convertida en luz.

Ao sol devólvenselle raios artificiais, lóstregos feitos polos humanos, xustamente no tempo das tronadas máis fortes e espectaculares. O propio Misterio críase que era un talismán contra as perniciosas tronadas. Un ano deixouse de representar o drama asuncionista para amosar o dó pola morte do Marqués de Elx, barón de Planes e duque de Arcos e caeron pedras "grandes coma cebolas" que provocaron "grandísimos males nos oliveirais e viñedos de forma que en moitos anos non deron froitos...por iso entraron en cabido o Reverendo Clero e Vila no día 1 de marzo de 1609 e votaron que non se puidese deixar de facer e celebrar a citada festividade en ningún caso nin pola morte do señor duque nin doutra persoa de calquera calidade ou condición".

Unha noite de luz xustamente cando máis estrelas corren e caen; son as bágoas de San Lorenzo; para o noso pobo, almas andando contra a patria definitiva. Unha noite de lume no tempo que a antiga Roma celebraba como a festa do deus Vulcano –as festas Volcanalia-, o deus do lume e da elaboración dos metais: dicíase que o primeiro ferro que utilizou o home procedía dun raio dos espazos siderais e, por iso, a verba "siderúrxa". O lume fecundo de Vulcano, a calor que, dende as entrañas da terra, fertilizaba a vexetación.

Unha noite de lume que comunica os contrarios: a terra e o ceo. A pólvora fai un matrimonio cósmico cos foguetes-femia, preñadas de luces, que dan a luz cando explotan. Da terra materna ao pai aire, unhas luces como almas enchen o ceo tamén paternal, mentres brilla a lúa maternal e receptáculo rexenerador das almas, segundo as vellas mitoloxías. (Moitas palmeiras dispáranse en Elx como homenaxe ás almas dos defuntos da familia; a morte xeradora de vida). Lúa e noite estreitamente relacionadas coa Diana de Éfeso, a virxe fértil, namorada de

Hipólito –o 13 de agosto é san Hipólito-, lunar e luminosa, xemelga de Apolo, o Sol, e que, coma el, podía lanzar raios fálicos e fecundantes en forma de frechas, celebrada nos idus de agosto, o día 13, día tan importante coma o da Noite da Alborada elxana.

Curiosamente, a encarnación cristiá de Apolo ten casa en Elx. San Sebastián, o único santo nu "mentres vostede tomaba un baño/ roubáronlle a capa..." e as frechas como atributo, coma Apolo. Presidía hospitais municipais como avogado contra a peste. Dende o Renacemento, apolíneo, sen vestido, nu, cunha voluptuosa e indolente finura, contorsiónase cunha árbore pelada e sen follas, diríase mimético como Atis, morto adolescente, igual que o desexado Adonis, un efebo, como o Cupido das amatorias fálicas frechas, os fértiles raios do solar Apolo. No seu templo de Elx vístense os cantores do Misterio; dende a súa ermida parte a procesión que os leva a entoar o drama asuncionista.

TEATRO E LITURXIA

A Igrexa, no principio, anatemizou o teatro polas súas evidentes conexións pagás. Os principais panfletos en contra dos espectáculos son dos séculos III e IV. Tertuliano condenou con furia o teatro: "Os demos inspiráronlles aos homes a afección polas representacións... o teatro representa só accións criminais, de furor na traxedia, de libertinaxe na comedia". Cebriano de Cartago pontificou que "o adulterio apréndese véndoo representar". Xoán Crisóstomo asegurou que: "O teatro é a peste das cidades...incita á fornicación, á impudicia e a todo tipo de incontinencias". Porén o cristianismo adoptou as dramatizacións coa finalidade de difundir mellor a escuridade dos seus dogmas e para impresionar os sentidos dos seus fieis, edificándoos, catequizándoos, ao tempo que tentaba de afastalos dos divertimentos pagáns ou, sinxelamente, profanos.

E as pezas de teatro relixioso enchéronse de niveis de significación e de xogos equívocos. Misterios como o de Elx, polo feito de escenificar un dogma, facilitan a apropiación popular e chegan a ser "anti-dogmáticos", aquel principio de fe pasa a un mundo próximo de irrealidade, de ficción, de imaxinación e invita ás interpretacións, sempre libres, da xente. O pobo pasa, de devoto e fiel, a espectador e partícipe. O templo deixa de ser lugar de iniciados para se converter en espazo de encontro cidadán: a igrexa é rúa; a nave, patio; o presbiterio, escenario; o altar, alcoba e dormitorio; nada separa o drama da función litúrxica; o aplauso é pregaría e o berro invocación.

O mundo sobrenatural e o sensorial cobren o mesmo interese e mestúranse nunha mesma realidade. San Xoán é, en Elx, un "Apóstolo", un personaxe no seo dun argumento e un coñecido cidadán. "María" é a María dos evanxeos canónicos e apócrifos, a das lendas e tradicións europeas, segundo as cales quixo durmir e espertar en Éfeso, a cidade santa de Diana, irmá do Sol –o Sol é Xesús, irmán tamén da Virxe-, Apolo, que se cadra tivo templo preto de Elx, en Santa Pola, onde unha fabulosa lenda, que aparece documentada por primeira vez o ano 1751, asegura que unha barca, sen velas nin temoeiro –como navegaba Osiris-, levou, ao amencer, até á praia a imaxe da Virxe e o libriño do seu misterio en lingua catalá, a Consueta, ambos os dous nacidos das augas, coma Afrodita. O xerme buscouse no mar, na auga. É a vella crenza do mar coma útero e da auga coma nai. En parecidas arcas-nave gardáronse o saber, a ciencia e as sementes da vida e mais das transcendencias e das civilizacións, e fixeron os seus paseos Noé, Isis, Osiris, o galego Santiago, o empordanés San Pere de Roda, Ulises, Lázaro, a Magdalena, Marta e mesmo Xosé de Arimatea co máxico graal.

Logo, "María" é todo iso, e, ao mesmo tempo a súa morte e os seus sufrimentos poderían ser os de calquera muller da veciñanza e, á vez, tamén é unha protagonista dunha obra, unha imaxe sagrada e así mesmo o neno que a representa. O Misterio de Elx confunde os santos do altar cos homes da rúa. Non é, logo, sorprendente que a Festa, historicamente, tivera problemas, atrancos coa autoridade eclesiástica, quen, en moitos momentos, a fixo obxecto das súas persecucións.

O espectador fiel non ve un argumento, vive o como dunha historia que coñece. Se cadra, por iso, como nas antigas traxedias, o pobo de Elx nunca designou co vocábulo misterio a súa –en maiúsculas- Festa. É todo un síntoma. Así como a chuvia non leva ouro cada vez que se abre o ceo , as antigas divindades, que tamén baixaban do éter ao escenario, podían provocar que

chovese ouro, coma o grego Zeus, que, coa súa dourada e fértil chuvía preñou á desexada Dánae, pechada polo seu pai nunha habitación subterránea de bronce. Porén o celestial pai dos deuses e dos homes, tomando a forma dunha chuvía dourada, penetrou por unha fenda e fecundou o ventre da virxe; o heroe Perseo naceu aos nove meses. Santa Bárbara adquiriu algunha das características de Dánae e por unha estreita greta puido recibir a luz dourada que dá vida.

A utilización do teatro facilitou que as pezas cristiás recollesen supervivencias de temas e personaxes da antiga e clásica dramaturxia. Nos argumentos asuncionistas é doado atopar suxestións do amor filial e fraternal de Antígona, filla incestuosa de Edipo, rei de Tebas e da súa nai e esposa locasta, namorada do seu fillo como Fedra, irmá de Ariadna e esposa de Teseo, que quererá ser amante do seu propio fillo, Hipólito, mozo casto e incapaz de manchar, o honor paterno. Ao comezar a Festa de Elx, a María expresa o desexo do reencontro co seu divino Fillo: "Un gran desexo veume ao corazón/ do meu benquerido Fillo, cheo de amor/, tan grande que non o podería dicir". Xesús, a cabalo da Araceli, e disfrazado no Misterio de Elx coma un "Anxo Maior", sen dúbida polo tabú, diríxese, porén á Virxe coma "Esposa e nai de Deus", cantándolle ao resucitalla: "Leticia para vostede que hoxe verá/ de quen é Esposa e Nai/ e tamén verá o Pai/ do benquerido Fillo e eterno Deus."

Hai como un eco do mito de Isis, irmá e esposa de Osiris, a deusa tan enraizada en Alexandría, un dos puntais do cristianismo primitivo, e como Efeso, un dos piares do deseño da haxiografía e do culto á Virxe. As imaxes da Virxe beben nas de Isis dándolle o peito ao seu fillo Horus, antecedente das representacións da maternidade. Isis, que tamén posuíu misterios, era representada termando a Lúa. Foi asimilada á mai Deméter, buscando a súa filla, raptada por Hades, deus das sombras; igual que Isis, durante a noite, ía á procura de Osiris (cuxas reliquias navegaban polo mar nunha arca-barca), asasinado por Set, o deus das sombras.

Tamén a "granada", na que o arcanxo anuncia a María a súa morte inmediata, e o posterior retorno á vida, podería ser ben reveladora. A granada, símbolo do universo e da fecundidade, era comida o día de Todos os Santos coa finalidade de redimir unha ánima do Purgatorio con cada gran dixerido. Os gregos asociábanla ao sangue vermello do teatreiro Dionisos e as nosas lendas populares asocíana á resurrección. E, é curioso, pero Perséfone, a filla de Deméter, non podía volver á terra, cando quería, por ter comido xustamente un gran de granada. Con todo, os documentos da Festa falan da "nube", e, polo que parece, "granada" non sería máis ca una denominación popular pola cor externa do aparello. Unha mágoa!

FESTA POPULAR GLOBAL

E, acontece que o Misterio, grazas ao mesmo pobo de Elx, non é un conxunto de supervivencias dunha época, a medieval, xa desaparecida. O seu argumento inscribíase perfectamente no universo cristián, aquel que deu fondo e forma ao pobo valenciano e, como a celebración –o pobo de Elx xa dixemos que non o representa –é a festa da cidade, é unha terra e unha xente; é Elx. Coma festa dun pobo é un ben cultural vivo, é presente e será futuro. Falar do Misterio non é falar de erudicións medievalistas, nin de investigacións moi eruditas, nin de reconstrucións arqueolóxicas. É unha nova repetida ciclicamente, cada ano, dende hai séculos. Foi unha nova e volverá selo. Pasa cada agosto. É presente e será futuro. É un ben moi vivo. É pobo e mais é vida. Cada 14 e 15 de agosto, a cidade de Elx, volve vivir unha páxina da nosa historia, sempre dinámica, e da nosa cultura, sempre renovada. Queirámolo ou non, volven actualizarse moitas das características do que fomos, unha parte dos símbolos do que somos e algúns dos emblemas do que queremos ser.

O Misterio soubo concentrar a historia da música. Sabe compaxinar o gregoriano –herdeiro da salmodia xudía e do canto popular greco-romano- coas polifonías renacentistas e barrocas; os "mestres de capela" tiñan a obriga, por contrato, de compor e, por esta razón, cada época deixou a súa pegada. Resume a historia do teatro: a horizontalidade medieval cruzada pola verticalidade manierista; devólvenos a trama que construíu a arte dramática valenciana no século XV, vangarda do teatro europeo naquel momento, aparellos que, orgullosamente, se exportaron a Europa e que, aínda, conservamos diseminados polo noso País baixo as especies da alcachofa de Silla, de Aldaia ou de València, a laranxa de Morella, o anxo da corda de Alfarrassí ou o desaparecido anxiño da aguía de Cocentaina... todo un ceo cheo de anxos cantando loanzas, dende o interior de artefactos con vocación de nubes, suspendidos no ar.

No Misterio, como escribiu Joan Fuster, "a festa popular recolle a tradición douda, e a ledicia piadosa local únese aos signos máis inmediatos dunha cultura resistente, e os residuos das vellas liturxias conectan co eido do traballo de cada día, e todo ten a seguridade ambigua e á vez elocuente dos grandes episodios colectivos" É difícil atopar unha peza con orixes cultas, que produza unha plasmación popular tan ampla, profunda e insistente. Na Festa de Elx atopamos temas e xeitos da nosa mellor literatura do século XV, a que proporcionou ás nosas letras un período dourado, cunha lingua que xa adquirira madurez clásica, que xa non precisaba préstamos "lemosinos" e que xa pasara as grandes probas de Ramón Llull, Bernat Metge ou Ausiàs Marc. Os seus niveis lingüísticos falan da liberación do latín e de occitanismos léxicos. O Misterio emprega un catalán de planta valenciana culta sen deixar de ser popular. Xa que logo é tamén a historia do uso da lingua: o noso primeiro misterio asuncionista –o de Santa Maria de l'Estany- é un apéndice da liturxia e está escrito en latín; o segundo coñecido –o de Tarragona- está en catalán, pero con abundancia de occitanismos e de músicas –a maioría quitadas do canto litúrxico –desde o "Veni Creator" ao "Tantum Ergo"-; o de València non presenta tantos préstamos "lemosinos" e a súa música, sen esquecer o gregoriano, recolle baladas populares; o de Elx, case non ten pegadas do occitano e inclúe popularizacións de cantigas do cancionero. Xa se cumpriu a consigna lanzada por Ausiàs Marc de "deixar a banda o estilo dos trobadores" e, polo tanto, a aparencia occitanizante da lingua.

A Festa de Elx non foi allea a ningún dos avatares da historia do pobo que a creou. A composición mesma do seu cadro de cantores así o reflicte. Comeza como unha acción litúrxica oficiada por una Capela de beneficiados e unha Escolanía de acólitos, aptos para as voces brancas; os profesionais –incluídos os castratti no papel do anxo da Granada- interviñan sen abandonar a estrutura eclesiástica; a Desamortización do XIX deixou sen fondo os curas e sancristáns; a revolución Industrial ofreceu as súas masas corais, curiosamente o "Coro Popular Clavé" proporcionou as súas voces, e mesmo aparecerían "capelas" absolutistas e liberais co obxectivo de alternarse na representación, de acordo coas alternancias municipais dos partidos.

A guerra de Sucesión –non podía ser doutro xeito!- puxo unha nota de dor ao Misterio, ao tempo que arrebatara a independencia política do País Valencià; as tropas castelán-francesas asaltaron salvaxemente, despois dun longo asedio, a vila mauleta (antifilipista) de Elx, destruíron o arquivo e, con el, os papeis da Festa. O ano 1709, a cidade tivo que confeccionar, de novo, un manuscrito tan exactamente igual ao prebélico que nin no tipo de letra nin nas notacións musicais hai correspondencia coas propias do século XVIII, senón coas grafías anteriores do século XVII. Era o libro sagrado da cidade, conservado na caixa forte das "tres chaves". Así triunfou tamén sobre a prohibición e a persecución, dende o 1707, do uso público da lingua do pobo. O feito de ser "unha das festas populares da máis alta prosapia artística que existen no mundo" levou á II República a declaralo Monumento Nacional o 16 de setembro de 1931 e á UNESCO, setenta anos máis tarde, o 18 de maio de 2001, a distinguilo como Obra Mestra do Patrimonio Oral e Inmaterial da Humanidade.

A mesma ampla popularidade e a súa dependencia do poder civil venceron as represións inquisitoriais, a prohibición do Concilio de Trento do teatro litúrxico, as sucesivas prevencións e amoestacións do bispado de Oriola, tentando de suprimila, como sinalan os curiais daquela diocese, en 1632, porque era preciso separar os homes das mulleres, dado que "estaban na citada Igrexa tan apertados e mesturados os homes coas mulleres, que da mencionada estreiteza todos os anos se seguían mil deshonestidades e desvergonzas, as cales ocasionaban liortas e suscitaban que na casa de Deus se vertese sangue e se mancasen os homes, así mesmo facíanse merendas, comendo con profanamento como soe facerse nas corridas de bois ou outras festas profanas, vendendo no interior da igrexa, froitas, viño e auga". Con este testemuño fica ben descrita unha festa global e globalizadora.

Porén o Misterio de Elx non é só unha dramatización. É aquilo que se representa, que se celebra, que se fai e se vive na Basílica de Santa Maria de Elx os días 14 e 15 de agosto de todos os anos.

Pola noite, a Roá –contracción do catalán "rodada"- estende ao longo de toda a noite do 14 ao

15 de agosto a liturxia asuncionista. É un desfile en familia polo itinerario sagrado da antiga vila con velas acesas, unha expresión do dó comunitario pola morte da nai da cidade. Un velorio colectivo. É unha ponte entre a primeira xornada, a Véspera e os seus momentos culminantes como o Ternario, primeira e excelsa polifonía, a granada ou nube e a Araceli, cos seus anxos cantando a 30 metros de altura, e a segunda xornada, a Festa, co seu outro Ternario, a turba da Xudiada, as exequias, a asunción a través da Resélica e a coroación da Virxe dende a máquina da Trindade, unha arrepiante parada de trama aérea que marabilla, un reflexo dos vos dos deuses olímpicos e das apoteoses das traxedias gregas, entre chuvias de ouro, campás, aplausos, vivas e a emoción desbordada.

A Festa de Elx, sendo unha liturxia estritamente local, puxo en práctica, dende a Idade Media, acertos da dramaturxia moderna universal: a intercomunicación intensa entre os espectadores e os actores, a acción desenvolta entre o público, o escenario múltiple, a maquinaria aérea, a perfecta conxugación do binomio espazo-tempo, a diversificación do movemento escénico que chega a incluír a rúa...É o teatro da globalidade, é teatro global.

A Festa de Elx recolle constantes eternas. É o froito de moitos anos e de moitas persoas. É o esforzo secular dos habitantes de Elx para manter unhas palabras, uns acenos, unhas accións, uns cánticos, unhas características, uns límites, unha xeografía e unha configuración que manifestan, ao tempo que afirman, a personalidade da cidade de Elx e do pobo do País Valencià. Elx canta para todos os que falamos como se fala en Elx as palabras do Misterio. Elx rompe o silencio secular e reconstrúe a xeografía enteira da lingua: "Das partes de eiquí estranas/ chegamos con celeridade/ pasando vilas e montes/ en menos tempo dun momento.../Certo é este gran misterio, / estar eiquí todos en xuntanza."

Unha cultura revive sen deixar de ser a ledicia popular, terra e xente. Armoniza a liturxia da festa co traballo de cada día. Enlaza o home e a voz, o xogo e a piedade, a palabra e a pedra, a solfa e o teatro. Conxuga a campá, a flor, o cirio, o foguete, a luz, o lume, o trono e a palmeira coa expresión plástica do cristianismo e o vivir cotiá das persoas todos os días.

O Misterio, festa cívica, durante anos de vexación e de ignominia, constituíu a única aparición pública, digna e solemne dunha lingua prohibida, a única manifestación completa dunha cultura marxinal, que reproduce íntegro o seu eido, a única exaltación dun pobo invisibilizado. É por todo iso que a festa de Elx se converteu nunha insignia da lingua, nun emblema da literatura, nunha bandeira contra o desprezo ou a persecución e en divisa da súa unidade contra a irracionalidade. É o selo das orixes do pobo valenciano e a encarnación viva da nosa supervivencia e da perduración dos distintivos duns países, da resistencia do pobo, de todo un pobo, enfronte da despersonalización imposta.

Cada agosto, en Elx, morre unha virxe para que viva un pobo. Cada ano, a Festa de Elx revive e fai vivir.

(Traducido do catalán por Lluïsa Soaz)